B A S E S

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.- Ten por obxecto a presente convocatoria contratar a duas Limpiadoras para as Piscinas Municipais mediante contrato laboral de duración determinada.

2.- CONDICIÓNS.- Duración de contrato: dende o 14 de xuño ata o 23 de setembro de 2014.

O horario laboral será de xornada completa.

Percibirán a cantidade mensual de 752,85 €uros brutos mensuais por todos os conceptos, incluida a parte correspondente das pagas extraordinarias.

3.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.- Para poder tomar parte na presente convocatoria, os/as aspirantes deberán estar en posesión, antes do remate de presentación de instancias, dos seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou posuir a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumplidos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións do cargo.

d) Que non fora ou estea separado mediante expediente disciplinario do servizo da Administración Local ou doutras Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercizo de funcións públicas.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.- As instancias dirixiranse ao Ilmo Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, e serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello no prazo de cinco días, contados a partires do día seguinte da publicación do correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión e no taboleiro municpal.

Para seren admitidos a formar parte na convocatoria, os aspirantes manifestarán na instancia que reúnen todas e cada unha das condicions sinaladas no nº 3 destas Bases.

Con ela acompañaranse compulsadas:

a) Fotocopia do D.N.I.

b) Certificado médico no que se faga constar que o/a aspirante non sofre impedimento físico para desempeñar a actividade de referencia.

c)Xustificante de coñecemento de lingua galega (Celga 2 ou equivalente), de posuílo.

d)Xustificante do pagamento das taxas de inscrición (a cantidade a aboar serán de 10 euros os cales serán pagados na Tesourería Municipal ou a través do seguinte número de conta bancario: BBVA ( ES17 0182 6246 3202 0036 0191 ) no xustificante de ingreso terá que figurar o DNI do candidato á praza).

Segundo a ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non será esixible o pagamento polos conceptos "Dereitos de exame" e "Compulsas" ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que así o acrediten por medio de

certificación emitida polo Instituto Nacional de Empleo ou servizo homólogo da Comunidade Autónoma

5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.
Estará constituído polos seguintes membros actuando todos con voz e voto:

**Presidente:**
Titular: D. Miguel Angel Durán Constenla (Conductor)
Suplente: D. Luis Lozano Lorenzo (Técnico de Administración Xeral)

**Secretario:**
Titular: Dna. María Jesús Fernández Bascuas (Adminstrativo de Administración Xeral)
Suplente: Dna. Paula Yebra Rovira (Adminstrativo de Administración Xeral)
**Vogais:**

Titular: Dna. Mónica Cardona Constenla (Auxiliar Administrativo de Administración Xeral)
Suplente: D. Alexandre Bernárdez Pereiras (Auxiliar Administrativo de Administración Xeral)

Titular: D. José Luis Cerviño López (Conserxe Notificador)
Suplente: Dna. Mónica Neira Mato (Arquitecta Municipal)

Titular: Dna. María Herminia Porto Valcárcel (Administrativo de Administración Xeral)
Suplente: D. Antonio Arís Barreiro (Operario)

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a relación de admitidos excluidos ás probas, así como a data e lugar de celebración dos exercicios.

Os aspirantes excluídos, poderán no prazo de 1 día subsanar ou enmendar, no seu caso, o defecto que houbera motivo de exclusión.

6.- EXERCICIOS OBRIGATORIOS.- Os/as interesados/as presentaranse no lugar, día e hora, fixados no intre da publicación da relación de admitidos e excluidos, aos efectos de levar a cabo os seguintes exercicios:

PRIMEIRO EXERCICIO DE CARACTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 25 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria durante un período de 50 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

SEGUNDO EXERCICIO DE CARACTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

Os aspirantes que superasen o primeiro exercicio realizarán o segundo exercicio consistente na resolución dun suposto práctico, por escrito, relativo ás funcións a desenvolver, nun tempo máximo de 30 minutos.

Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición serán cualificados de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar cada un dos exercicios e acceder ó seguinte obter unha puntuación mínima de cinco puntos

PROBA DE GALEGO.- Os/as aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 2 ou equivalente) terán que realizar obligatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentos/as, así mesmo, de realizar a proba específica os /as aspirantes que opten por realizar o exercicio obrigatorio na lingua galega. Os/as restantes opositores/as terán que realizar unha traducción do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptos/as os /as aspirantes que realicen a traducción completa no tempo indicado. No caso de non realizar a traducción completa serán considerados non aptos.

7.- PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E PUBLICACIÓN.- Rematada a proba, o Tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación. As persoas que acaden maior puntuación serán propostas ao Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalice o contrato. Non se poderá propoñer a máis persoas das prazas convocadas.

8.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.- A formalización do contrato terá lugar en canto os interesado/as presenten a documentación pertinente.

9.- RECURSOS.- Contra as presentes bases, que remata a vía administrativa, poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo de un mes contado a partires do día seguinte ó da recepción da presente. Contra a resolución do recurso potestativo de reposición poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo con sede en Pontevedra, no seu caso, no prazo de dous meses contado a partires do día seguinte ao da notificación da resolución expresa do nomeado recurso. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñe-lo recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado a partires do día seguinte ao que se produza a desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderá interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo citado ante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, sen necesidade de interpoñe-lo recurso potestativo de reposición, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ao da notificación da presente. E, todo isto, sen prexuizo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexe a súa aplicación, a cuio efecto poderá adopta-los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

ANEXO TEMARIO

1.- A Constitución Española de 1978. Características, estructura e contido. A reforma constitucional.

2.- Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.

l3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia.

4.- O Parlamento de Galicia: composición, funcións e potestades.

5.-O Municipio. Historia. Clases de entes municipais no Dereito español.

6.-O termo municipal. A poboación. O Padrón de habitantes.

7.- Productos utilizados na limpeza de dependencias de edificios destinados ao servizo público e aplicacións específicas.

8.- Utensilios para a limpeza de piscinas e as súas aplicacións.

9.-Salubridade e hixiene dos servizos sanitarios en edifcios municpais.

10.- Organización do traballo de limpeza en dependencias e espazos comúns das dependencias municipais.

A Estrada, 19 de maio de 2014

O ALCALDE